



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O SINDICATO NACIONAL DE COMISIÓNS OBREIRAS DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don José Carlos López Campos, conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, publicado no DOG núm. 73, do 14 de abril, e polo disposto no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, publicado no DOG núm. 81, do 24 de abril.

Dona Amelia Pérez Álvarez, co DNI [REDACTED], secretaria xeral do Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia, co CIF [REDACTED] que actúa en nome e representación da citada entidade, en virtude do establecido nos seus estatutos.

EXPOÑEN

1. Que o Sindicato Nacional de Comisións Obreiras de Galicia (en diante, CCOO) é consciente da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de Xullo de 1983) (especialmente os seus artigos 1, 2 e 3) e de que os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua. Que, dentro do Goberno galego, lle corresponden á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, as competencias e funcións en materia de promoción e ensino da lingua galega e de dirección, planificación, coordinación e execución da política lingüística da Xunta de Galicia.



- 2.** Que ambas as entidades son conscientes da importancia que ten a aplicación da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de Xullo de 1983), onde se recoñece que o galego é a lingua propia de Galicia e que os poderes públicos garantirán o seu uso normal como lingua oficial da Comunidade Autónoma galega e adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua.
- 3.** Que ambas as partes son conscientes de que as institucións e as entidades galegas teñen que colaborar na implantación do Plan xeral de normalización da lingua galega, que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de conseguir difundir o uso do galego a todos os niveis da sociedade, e tamén favorecer a súa dinamización no tecido económico para estender o seu uso nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os ámbitos sociais e económicos. Neste plan recóllense unha serie de medidas encamiñadas a lograr a participación activa dos axentes sociais no proceso normalizador da lingua galega, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades galegas, públicas e privadas, entre elas os sindicatos.
- 4.** Que lle corresponde ao Goberno galego garantir o uso efectivo deste dereito e arbitrar as medidas necesarias para promover a implantación progresiva da lingua galega, de maneira que a cidadanía en todos os ámbitos sociais coñeza en igual medida o galego ca o castelán, responsabilidade na que tamén deben de colaborar todas as institucións e entidades galegas, entre as que figuran os sindicatos con implantación en Galicia.
- 5.** Que CCOO é un sindicato que ten unha gran representatividade na Comunidade Autónoma galega, onde conta cun gran número de afiliados entre o colectivo de traballadores e traballadoras de moi diversas profesións, actividades e servizos. Este sindicato desde hai anos colabora coa Secretaría Xeral da Lingua da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para cumprir o recollido na Lei de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de Xullo de 1983), coa finalidade de normalizar o uso da lingua galega no funcionamento e na actividade deste sindicato



e, por outra parte, como establecen os principios que declara o artigo 6 dos seus estatutos con respecto ao idioma.

6. Que as actividades que promove CCOO se enmarcan dentro dos obxectivos que sinala a Lei de normalización lingüística e o Plan xeral de normalización da lingua. Estas actividades, pola súa singularidade e características, soamente se poderán realizar no seu ámbito de actuación e, se temos en conta que a colaboración no proceso normalizador tamén se fai extensiva aos restantes sindicatos maioritarios en Galicia —ANPE Galicia, CSI-F Galicia, UGT Galicia e a CIG— mediante a sinatura de convenios, non resulta posible promover a concorrência pública para a realización das actividades previstas en este convenio.

7. Que CCOO desexa colaborar en materia de normalización lingüística promovendo as actuacións que sexan necesarias para conseguir a completa normalización do galego no ámbito de actuación deste sindicato en Galicia. Por iso, as partes fan explícita a súa inequívoca vontade de continuar colaborando no desenvolvemento de actuacións destinadas a conseguir que a presenza do galego sexa cada vez maior no ámbito de actuación deste sindicato e nas súas relacións coa cidadanía.

Polo exposto, as partes acordan asinar un convenio de colaboración para o ano 2026, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, e CCOO para incidir positivamente no uso progresivo da lingua galega neste sindicato e nos diversos colectivos laborais e sectores profesionais de Galicia.

As partes colaborarán na realización dun programa de actuacións orientadas a normalizar o uso da lingua galega no ámbito de actuación deste sindicato, coa finalidade de conseguir que o galego sexa unha lingua operativa e coñecida en todos os ámbitos da sociedade.



Segunda. Obrigas de Comisións Obreiras

Como compromisos ás obrigas derivadas da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística (DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983) e do Plan de normalización da lingua galega, CCOO realizará en lingua galega as seguintes accións:

Área de comunicación

- *Galicia sindical* (Órgano de comunicación do S.N. de CCOO DE Galicia)

Folleto dixital que non sae en datas fixas, senón cando a actualidade laboral e sindical o esixe.

- Mantemento e actualización diaria da páxina web do sindicato: www.ccoo.gal.

Área de saúde laboral

- Informe da sinistralidade laboral en Galicia no ano 2025

Arredor da data do 28 de abril, Día Internacional da Seguridade e a Saúde no traballo, a Secretaría de Saúde Laboral do Sindicato publica un informe coa análise dos datos de accidentes de traballo e enfermidades laborais do ano precedente.

Área de igualdade

- 22 de febreiro, Día Internacional da Igualdade Salarial e 8 de marzo, Día Internacional da Muller

Con ocasión das datas do 22 de febreiro e 8 de marzo, a Secretaría de Mulleres, Igualdade e Políticas LGTBI+ e o Gabinete de Igualdade publican, dentro da serie dos *Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia*, o informe «Unha cuestión de xustiza social: erradicar a fenda salarial con equidade nas retribucións e corresponsabilidade nos coidados».

- Axenda pola igualdade 2027

Axenda pola Igualdade é un proxecto que naceu no ano 2021 co obxectivo de loitar pola igualdade entre mulleres e homes en todos os eidos da vida, pero cunha perspectiva que teña en conta a metade silenciada da poboación.



Terceira. Modificación do convenio / redistribución de cantidades entre diferentes actividades

Se posteriormente á sinatura do convenio, e por circunstancias debidamente xustificadas, a entidade quere modificar ou cambiar algunha das accións contempladas no obxecto do convenio, esta modificación ou cambio instrumentarase mediante a correspondente addenda, agás naqueles casos nos que a modificación implique só unha redistribución das cantidades previstas estimativamente, de ser o caso, para cada unha delas segundo a desagregación prevista na memoria xustificativa e económica do convenio que figura no expediente de gasto sen que exista modificación orzamentaria respecto do importe total do convenio nin que implique, de ser o caso, unha redistribución orzamentaria entre diferentes capítulos de gasto.

Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Cuarta. Asesoramento lingüístico

A Secretaría Xeral da Lingua comprométese a facilitarlle, cando sexa preciso, a CCOO o apoio e o asesoramento técnico en relación con aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades deste convenio.

Quinta. Financiamento

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, contribuirá ao financiamento deste convenio cunha cantidade total de **1.000,00 €**, con cargo á aplicación 13.02.151A.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.





Sexta. Xustificación e pagamento

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase telematicamente. Accederase ao expediente a través da carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal/carpeta-do-cidadan>), e o código do procedemento é o seguinte: PR004A.

Para percibir a achega establecida na estipulación anterior, CCOO presentará telematicamente, coa data límite do 15 de novembro de 2026, a seguinte documentación:

- Certificación do desenvolvemento das actividades do convenio, xunto coa xustificación dos gastos que orixine a súa execución, que se realizará mediante facturas. Tamén deberá acreditar e xustificar o pagamento do gasto realizado.
- Un informe de resultados das actividades realizadas no marco do convenio e da súa incidencia na promoción da lingua.
- No caso de que se publiquen traballos, entregárase nesta secretaría xeral un exemplar para realizar o control das actividades que se prevén no convenio.
- Ficha resumo de execución do convenio (anexo I que se acompaña co texto deste documento), cuberta pola entidade e na que se indicará, de ser o caso, o número de proxectos, accións ou actividades que se realicen ao abeiro deste, as localidades de execución ou realización, así como a porcentaxe de gasto en proxectos, accións ou actividades dirixidas ás franxas de idade infantís ou xuvenís. Tamén indicarán, se procede, o número aproximado de persoas destinatarias ou beneficiarias das accións coa súa correspondente desagregación porcentual por sexos.

Para percibir a mencionada axuda, CCOO queda exonerada de constituír garantía, de conformidade co artigo 65.4 f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017).

No caso de que a xustificación dos gastos sexa inferior ao importe do convenio, a achega da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude diminuírase proporcionalmente.



Esta axuda é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Non obstante, o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade apoiada, de acordo co establecido no artigo 40.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación deste convenio.

Antes de asinar este convenio e para proceder ao pagamento, CCOO presentará na Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude unha declaración responsable asinada polo órgano competente de non ter contraídas débedas, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, así como de estar ao día das obrigas tributarias e ao corrente das obrigas sociais, de acordo co artigo 11 Lei 9/2007 (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017), do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei. Esta declaración poderá substituírse por:

- Un certificado de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, expedido pola Consellería de Facenda.
- Un certificado de estar ao día das obrigas tributarias, expedido pola correspondente delegación ou axencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- Un certificado de atoparse ao corrente das obrigas sociais, expedido pola Tesourería da Seguridade Social.

Non obstante, a sinatura deste convenio comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia.



Ademais disto, antes de asinar este convenio e para proceder ao pagamento, CCOO presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución para o mesmo fin, das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. En caso de non ter ningunha axuda, deberase presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade.

Así mesmo, CCOO deberá achegar unha declaración de que a entidade non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017).

De producirse o incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) e, en todo caso, nos supostos establecidos no artigo 33 desta lei, CCOO comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de mora, segundo o procedemento establecido no artigo 37 da mesma norma legal e no artigo 77 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017).

CCOO procurará utilizar o galego en todas as comunicacións que estableza coa Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

CCOO facilitará toda a información que lle sexa requirida pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Consello de Contas e polo Tribunal de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima. Utilización da lingua galega

Todas as accións e actividades que se realicen ao abeiro deste convenio deberanse executar co indicado nas vixentes Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística





(DOG núm. 84, do 14 de xullo de 1983). Así mesmo, coidarase especialmente do respecto rigoroso da toponimia oficial, nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

O incumprimento desta estipulación considerárase causa específica de resolución deste convenio.

Oitava. Imposibilidade de promover a concorrência pública.

O Plan estratéxico de convenios de colaboración para subscribir pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude a través da Secretaría Xeral da Lingua con outras institucións e entidades de base asociativa ou fundacional e con universidades, públicas ou privadas, para realizar actividades de dinamización lingüística no ámbito da promoción e difusión da lingua galega para o ano 2026, no seu apartado 7 dispón que, o que se persegue coa sinatura dos convenios é promover e fomentar a lingua e a cultura galegas coa finalidade de que estea presente en todos os ámbitos e sectores sociais e económicos da Comunidade Autónoma, garantindo que calquera cidadán ou cidadá poida vivir plenamente en galego, establecendo entre as partes do convenio unha colaboración para levar a cabo unha serie de actuacións en resposta a obxectivos de interese social compartidos. A imposibilidade de promover a concorrência pública queda xustificada en razón ás características singulares e únicas das actividades a desenvolver polas diferentes entidades ao abeiro destes convenios, xa que, o seu obxecto responde á idea de colaboración na consecución dun fin común de interese público e social e de coparticipación e coorganización na realización de actividades que serven como instrumento para a promoción da lingua e da cultura galegas.

Dada a singularidade e características das actividades que se van desenvolver no marco do convenio, soamente se poderán realizar levar a cabo polo sindicato CCOO no seu ámbito de actuación e, se temos en conta que a colaboración no proceso normalizador tamén se fai extensiva aos restantes sindicatos maioritarios en Galicia —ANPE Galicia, CSI-F Galicia, UGT Galicia e a CIG— mediante a sinatura de convenios, non resulta posible promover a concorrência pública para a realización das actividades previstas en este convenio.



Novena. Rexistro de Convenios. Transparencia e bo goberno

De conformidade co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 226, do 17 de setembro de 2014), que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, esta axuda será publicada na Base de datos nacional de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003), nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003), modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, a entidade asinante deberá cumprir as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003), modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 226, do 17 de setembro de 2014).

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso da entidade á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30, do 15 de febreiro de 2016), co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno (BOE núm. 295, do 10 de decembro de 2013 e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG n.º 149, do 3 de agosto de 2006).

Coa sinatura deste convenio, as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e mais o resto das especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal da transparencia e Goberno aberto.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, outórgase o consentimento para que se publiquen as axudas



concedidas nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, da contía e da súa finalidade.

Décima. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas e divulgativas e nas publicacións que se fagan relacionadas coas actividades deste convenio farase constar, nun lugar destacado, a colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de identidade corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, calquera das dúas partes comprométese a facer mención da outra parte e deste convenio.

Décimo primeira. Vixencia

Este convenio estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2026. Non obstante, o convenio poderá extinguirse polo acordo mutuo e voluntario das partes, pola desistencia dalgunha delas ou pola denuncia deste por mor do incumprimento dos compromisos adquiridos, o que se comunicará de xeito fidedigno, logo da audiencia da outra parte e con, polo menos, un mes de antelación. O convenio abranguerá as accións obxecto deste que realice a entidade desde o 1 de xaneiro.

Décimo segunda. Comisión de Seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes da Secretaría Xeral da Lingua, nomeados polo seu titular, e dous representantes de CCOO. Esta comisión, que estará presidida por un dos representantes de Política Lingüística, coordinará o seu desenvolvemento e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.



Décimo terceira. Causas de resolución

Este convenio resolverase:

- a) Polo incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

De se resolver o convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude pode, se é o caso, esixir a devolución das cantidades achegadas.

Décimo cuarta. Responsabilidade das actuacións

A sinatura deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e mais a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle pode esixir ningún tipo de responsabilidade —directa, indirecta ou subsidiaria— polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do convenio.

Décimo quinta. Avaliación de resultados

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, a través da Secretaría Xeral da Lingua, avaliará a realización das actividades recollidas na estipulación segunda do convenio e a súa incidencia efectiva na dinamización da lingua.

Décimo sexta. Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, as persoas que representen unha interesada ou interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración



e os empregados e empregadas das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado ou empregada pública.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia Notific@ (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario ou destinataria da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo sétima. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dos dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio, respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos (DOUE núm. 119, do 4 de maio de 2016) e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE núm. 294, do 6 de decembro de 2018), e adoptará todas as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e a integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo oitava. Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG núm. 141, do 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo



co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (DOG núm. 251, de 31 de decembro de 2010), pola Administración xeral e polas entidades instrumentais, e tamén será aplicable á cidadanía, que ten a obriga de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan á súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicos dos que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme á política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal [artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2, respectivamente, da citada lei].

Décimo novena. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio ten carácter administrativo e, polo tanto, os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 outubro de 2015).

O réxime xurídico aplicable a este convenio será o das seguintes normas: Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017) e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei e Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.

Así mesmo, este convenio tamén estará suxeito aos artigos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro de 2003) e do Real decreto 887/2006, (BOE núm. 176, do 25 de xullo de 2006) polo que se aproba o regulamento da dita lei.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que poidan xurdir da aplicación deste convenio.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.



O conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

A secretaria xeral do Sindicato Nacional
de Comisións Obreiras de Galicia

José Carlos López Campos

Amelia Pérez Álvarez



**ANEXO 1: ORZAMENTO DESAGREGADO DAS ACTIVIDADES DO CONVENIO POR
ACCIÓNS E LIÑAS DE GASTO**

Desagregación das liñas de gasto	Importe
Salario lingüista	1.100,00 €
Reprografía e material de oficina	150,00 €
TOTAL	1.250,00 €

